**Exp. 46474/220**

**PROCESO SELECTIVO ADMINISTRATIVAS/OS DE ADMINISTRACIÓN XERAL DERIVADO DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE VIGO 2020-2021-2022 (2ª FASE), PARA A COBERTURA DE SETE PRAZAS (QUENDA LIBRE)**

**ANUNCIO: ACORDO RELATIVO Á RECLAMACIÓN PRESENTADA AO 4º EXERCICIO, PUNTUACIÓNS DO 5º EXERCICIO, PUNTUACIÓNS FINAIS, PROPOSTA DE NOMEAMENTO E PROPOSTA DA LISTA PREVISTA NO APARTADO "OUTRAS DISPOSICIÓN COMÚNS"DAS BASES XERAIS**

O órgano de selección, na sesión que tivo lugar o día 21.08.2026, adoptou os seguinte acordos:

**ACORDO RELATIVO Á RECLAMACIÓN PRESENTADA AO 4º EXERCICIO, DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO**

| | |
|---|---|
| Data de presentación | 20.07.2026 |
| Código de solicitude | W1526945-8246 |

Solicita a anulación da resposta da pregunta 15 que consta na plantilla publicada e a súa substitución pola resposta d). Fundamenta a súa reclamación manifestando que a celda B2 do arquivo hc 06.ods facilitado para a realización do 4º exercicio, tiña definido un criterio de validación *"permitir números enteros"* e contiña unha mensaxe de erro personalizada co texto *"Reintente"* pero, ao seu xuízo, a mensaxe de erro non estaba configurada xa que non estaba activa na opción *"mostrar mensaje de error si se introducen valores incorrectos"*. Solicita tamén copia dos ficheiros do exercicio.

FUNDAMENTOS DO ACORDO: A pregunta número 15 do 4º exercicio ten o seguinte enunciado:

| | | |
|---|---|---|
| hc06.ods | 15 | Indique a mensaxe de erro configurada cando non se cumple o criterio de validación de datos aplicado á cela **B2**<br>**a**.- Reintente / **b**.- Valor inválido<br>**c**.- Non admitido / **d**.- Ningún dos anteriores |

Para resolver a pregunta formulada, as persoas aspirantes debían acudir ao arquivo identificado como hc06.ods.



ASINADO POR: TECNICA DE ADMINISTRACION XERAL - ( MARIA LORENA LOPEZ RODRIGUEZ ) 25/08/2026 10:49:41
Documento asinado
Data sinatura: 25/08/2026 CSV: A9B82A-A8B63C-E2B682-WU8F5Z-8B2LNH-FD Verificable en www.vigo.org/csv 46474-220

Sentado o anterior, con data 24.07.2026, o persoal especialista nomeado para colaborar co órgano de selección, emitiu o seguinte informe:

*“En el enunciado se pregunta por el texto “configurado”, no por el texto “mostrado”, en caso de que no se cumpla el criterio de validación de datos.*

*Si abrimos el panel correspondiente a la validación de datos visualizaremos un contenido similar al siguiente:*




*El mensaje de error configurado es “Reintente” tal como se propone en lo opción de respuesta **A**. En este mismo panel se proporciona una casilla con la opción de mostrar o no el mensaje de error configurado. Eso es una cuestión distinta a la que se preguntaba. Por lo tanto, no procede estimar la alegación.*

*Como información adicional, se hace constar que el 67% de los aspirantes marcaron la respuesta **A** (opción correcta), el 22% la **B**, 0% la **C**, 6% la **D** y 6% no contestaron (porcentajes redondeados a valores enteros)”.*

Así pois, de conformidade co informado polo persoal especialista, non cabe confudir “amosar” con “configurar”, sendo conceptos e funcións distintas. O feito de non estar activada a opción *mostrar mensaxe,* non significa que non estivera configurada, sendo así que o panel de validación visualizable no exercicio, amosa no apartado correspondente o seguinte texto: *“Mensaxe de erro: Reintente”*, tal e como reflicte o informe emitido en data 24.07.2026. En consecuencia, dado que o enunciado da pregunta contén a formulación “indique a mensaxe de erro configurada (...)”, o que as persoas aspirantes deben respostar é cal é esa <u>mensaxe configurada</u>, con independencia de que se amose ou non o erro ao introducir un valor incorrecto e, polo tanto, non procede anular a resposta a) *“Reintente”*, considerada correcta na plantilla publicada, por ser a única resposta válida.



ASINADO POR: TECNICA DE ADMINISTRACION XERAL - ( MARIA LORENA LOPEZ RODRIGUEZ ) 25/08/2026 10:49:41
Documento asinado
Data sinatura: 25/08/2026 CSV: A9B82A-A8B63C-E2B682-WU8F5Z-8B2LNH-FD Verificable en www.vigo.org/csv 46474-220

CONCELLO DE VIGO

ACORDO: Desestimar a reclamación presentada con fundamento no informe emitido en data 24.07.2026 polo persoal especialista colaborador e acceder á expedición de copia dos arquivos do exercicio previa exacción da taxa establecida.

Contra este acordo a aspirante reclamante poderá presentar recurso de alzada ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación.

**PUNTUACIÓNS DO 5º EXERCICIO, DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO**

Dado que todas as referidas persoas aspirantes achegaron no prazo de presentación de instancias, copia do título CELGA IV, asignáselles dous (2) puntos a todas elas, quedando como segue a puntuación do 5º exercicio, de carácter obrigatorio e eliminatorio:

| APELIDOS, NOME | PUNTUACIÓN |
|---|---|
| CARIDE NIMES, L | 2 |
| CARRETE PARDAL, .M.X | 2 |
| COLLAZO GÓMEZ, S. | 2 |
| CORTIZO FERÁNDEZ, D. | 2 |
| DOMINGUEZ BORINES, J. | 2 |
| ESCARIZ COVELO, A. | 2 |
| FERNÁNDEZ VILA, I. | 2 |
| FIGUEIRAS FIGUEROA, F.J. | 2 |
| GONZÁLEZ EIRIZ, B. | 2 |
| GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, M.E. | 2 |
| GUTIÉRREZ VELO, A. | 2 |
| LAMAS MARTÍNEZ, M. | 2 |
| LIJÓ RODRÍGUEZ, B. | 2 |
| MEIJIDE FRAGA, G. | 2 |
| PEITEADO ALONSO, L. | 2 |
| PÉREZ ROMERO, N. | 2 |
| VILA RODRÍGUEZ, R. | 2 |

**<u>PUNTUACIÓNS FINAIS</u>**

É a resultante da suma da puntuación obtida en cada un dos exercicios, sendo o total sobre 42 puntos, de acordo coas bases específicas.

| APELIDOS, NOME | Primeiro exercicio | Segundo exercicio | Terceiro exercicio | Cuarto exercicio | Quinto exercicio | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Teórico: test | Teórico: escrito | Suposto teórico- | Proba de coñecementos | Proba de lingua galega | |



ASINADO POR: TECNICA DE ADMINISTRACION XERAL - ( MARIA LORENA LOPEZ RODRIGUEZ ) 25/08/2026 10:49:41
Documento asinado
Data sinatura: 25/08/2026 CSV: A9B82A-A8B63C-E2B682-WU8F5Z-8B2LNH-FD Verificable en www.vigo.org/csv 46474-220

| | | | práctico | de informática | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| CARIDE NIMES, L | 5,5 | 6,625 | 6,92 | 7,25 | 2 | **28,295** |
| CARRETE PARDAL, .M.X | 5,25 | 6,75 | 6,85 | 10 | 2 | **30,85** |
| COLLAZO GÓMEZ, S. | 5,25 | 6,6875 | 5,38 | 5 | 2 | **24,3175** |
| CORTIZO FERÁNDEZ, D. | 5,125 | 5,875 | 5,98 | 7,75 | 2 | **26,73** |
| DOMINGUEZ BORINES, J. | 6,875 | 6,8125 | 5,63 | 8,5 | 2 | **29,8175** |
| ESCARIZ COVELO, A. | 6,125 | 6,3125 | 5,99 | 6,25 | 2 | **26,6775** |
| FERNÁNDEZ VILA, I. | 6,125 | 5,625 | 6,55 | 6,5 | 2 | **26,8** |
| FIGUEIRAS FIGUEROA, F.J. | 7,125 | 6,1562 | 7,23 | 9,25 | 2 | **31,7612** |
| GONZÁLEZ EIRIZ, B. | 5,5 | 7,0625 | 6,11 | 7 | 2 | **27,6725** |
| GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, M.E. | 6,625 | 5 | 6,59 | 6,5 | 2 | **26,715** |
| GUTIÉRREZ VELO, A. | 6,5 | 6 | 6,14 | 10 | 2 | **30,64** |
| LAMAS MARTÍNEZ, M. | 7,125 | 6,375 | 6,1 | 7,5 | 2 | **29,1** |
| LIJÓ RODRÍGUEZ, B. | 6 | 7 | 5,5 | 7,25 | 2 | **27,75** |
| MEIJIDE FRAGA, G. | 5 | 6,9687 | 5,09 | 7,5 | 2 | **26,5587** |
| PEITEADO ALONSO, L. | 6,625 | 6,5312 | 6,27 | 7 | 2 | **28,4262** |
| PÉREZ ROMERO, N. | 5 | 8,0312 | 6,75 | 5,75 | 2 | **27,5312** |
| VILA RODRÍGUEZ, R. | 7,25 | 7,75 | 7,4 | 9,5 | 2 | **33,9** |

**PROPOSTA DE NOMEAMENTO**

Considerados os resultados e en atención ao establecido na base 8.4.6 das xerais, o órgano de selección non poderá propoñer o acceso á condición de funcionario/a ou declarar que superaron as probas un número de aspirantes superior ao das prazas que se convocan.

En atención ao anterior, acórdase propoñer á Xunta de Goberno Local, o nomeamento das seguintes persoas aspirantes para a cobertura de 7 prazas de administrativa/o de Administración Xeral (C1), polo sistema de oposición (quenda libre), como funcionarias/os de carreira do Concello de Vigo, derivadas da OEP 2020-2021-2022 (2ª fase), segundo a orde de puntuación obtida (de maior a menor):

| N.º DE ORDE | APELIDOS, NOME | DNI | PUNTUACIÓN |
|---|---|---|---|
| 1 | VILA RODRÍGUEZ, R. | ***8336** | 33,9 |
| 2 | FIGUEIRAS FIGUEROA, F.J. | ***6095** | 31,7612 |



ASINADO POR: TECNICA DE ADMINISTRACION XERAL - ( MARIA LORENA LOPEZ RODRIGUEZ ) 25/08/2026 10:49:41
Documento asinado
Data sinatura: 25/08/2026 CSV: A9B82A-A8B63C-E2B682-WU8F5Z-8B2LNH-FD Verificable en www.vigo.org/csv 46474-220

| | | | |
|---|---|---|---|
| 3 | CARRETE PARDAL, M.X. | ***9459** | 30,85 |
| 4 | GUTIÉRREZ VELO, A. | ***5831** | 30,64 |
| 5 | DOMÍNGUEZ BORINES, J. | ***2167** | 29,8175 |
| 6 | LAMAS MARTÍNEZ, M. | ***8251** | 29,1 |
| 7 | PEITEADO ALONSO, L. | ***6883** | 28,4262 |

Consonte a base décimo cuarta das xerais, lémbrase as persoas propostas para ocupar as prazas convocadas, que deberán achegar os documentos que xustifiquen as condicións de capacidade e demais requisitos contidos na base 4 das xerais, a través do medios contemplados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, dirixidas a Área de Recursos Humanos e Formación do Concello de Vigo dentro do prazo de 20 días naturais contados dende o día seguinte a que se faga pública a proposta de nomeamento polo órgano de selección na web municipal.

**LISTA PREVISTA NO APARTADO "OUTRAS DISPOSICIÓNS COMÚNS"E NA BASE 8.4.6 DAS XERAIS**

Así mesmo, segundo o disposto no apartado "Outras disposicións comúns" das bases xerais, segundo parágrafo, *"As persoas aspirantes que, non tendo superado o proceso selectivo, aprobasen todas as probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos ou escalas, formarán parte dunha lista de substitucións para os efectos de poder seren nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral respectivamente, nos termos do establecido nos criterios de xestión das listas de reserva do Concello de Vigo vixentes, e normativa de concordante aplicación"*.

Consonte o a Base 8.4.6 das xerais, *sempre que os órganos de selección propuxesen o nomeamento de igual número de aspirantes que o de prazas convocadas, e con fin de asegurar a coberturas destas, cando se produzan renuncias de aspirantes seleccionados/as, antes do seu nomeamento ou toma de posesión, o órgano que convoca poderá requirir do órgano de selección relación complementaria de persoas aspirantes que sigan as propostas, para o seu posible nomeamento como persoal funcionarios de carreira (...).*

A confección desta lista require da previa solicitude do órgano convocante.

En consecuencia, proponse á Xunta de Goberno Local a aprobación, aos efectos do establecido no apartado *"Outras disposicións comúns"* das bases xerais do presente proceso selectivo, da seguinte lista de persoas aspirantes, ordeada segundo a



ASINADO POR: TECNICA DE ADMINISTRACION XERAL - ( MARIA LORENA LOPEZ RODRIGUEZ ) 25/08/2026 10:49:41
Documento asinado
Data sinatura: 25/08/2026 CSV: A9B82A-A8B63C-E2B682-WU8F5Z-8B2LNH-FD Verificable en www.vigo.org/csv 46474-220

puntuación obtida (de maior a menor) que, sen superar o proceso selectivo, aprobaron todos os exercicios:

| N.º DE ORDE | APELIDOS, NOME | DNI | PUNTUACIÓN |
|---|---|---|---|
| 1 | CARIDE NIMES, L. | ***8212** | 28,295 |
| 2 | LIJÓ RODRÍGUEZ, B. | ***2375** | 27,75 |
| 3 | GONZÁLEZ EIRIZ, B. | ***5386** | 27,6725 |
| 4 | PÉREZ ROMERO, N. | ***3560** | 27,5312 |
| 5 | FERNÁNDEZ VILA, I. | ***9540** | 26,8 |
| 6 | CORTIZO FERNÁNDEZ, D. | ***6053** | 26,73 |
| 7 | GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, M.E. | ***6850** | 26,715 |
| 8 | ESCARIZ COVELO, A. | ***2729** | 26,6775 |
| 9 | MEIJIDE FRAGA, G. | ***2218** | 26,5587 |
| 10 | COLLAZO GÓMEZ, S. | ***2318** | 24,3175 |

Esta lista confeccionase en observancia das bases xerais e sen prexuízo do que resulte dos criterios de confección de listas de reserva vixentes en cada momento no Concello de Vigo.

Contra estes acordos as persoas aspirantes poderán presentar recurso de alzada ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Vigo, na data da sinatura electrónica
A secretaria do órgano de selección
Lorena López Rodríguez



ASINADO POR: TECNICA DE ADMINISTRACION XERAL - ( MARIA LORENA LOPEZ RODRIGUEZ ) 25/08/2026 10:49:41
Documento asinado
Data sinatura: 25/08/2026 CSV: A9B82A-A8B63C-E2B682-WU8F5Z-8B2LNH-FD Verificable en www.vigo.org/csv 46474-220